



FERVENZAS DO MORRAZO

Adela Leiro, Mon Daporta




Distancia: Domaio-Coiro: 20 km
Meira: A Fraga: 4 km
Cangas-Coiro: 4 km
A pé: 9 km

Dificultade: media

Duración: 6 horas



Un percorrido pola comarca do Morrazo, nos concellos de Moaña e Cangas para coñecer as ferrenzas de varios pequenos ríos que nacen na serra de Domaio e desembocan na ría de Vigo. Recomendable en inverno ou primavera, cando os ríos levan máis auga.



1- Verdeal. Pozo das Meigas

No río da Miñouva, das Freixas ou da Pasaxe, na aldea de Verdeal, na parroquia de Domaio (Moaña). Salva un desnivel duns 50 m, en rochas graníticas, o último tramo moi pechado entre as casas.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Pontevedra a Moaña, despois de pasar a saída da autopista, cóllese un cruce que vai a Verdeal, 1 km antes de Domaio. Para acceder á ferrenza sóbese por un camiño entre as casas. Pódese ver desde o viaduto da nova estrada ou desde detrás do Pavillón de Deportes, a carón do Colexio. A parte alta visítase seguindo outra ruta.

Ferrenza do Verdeal



Fervenzas de Domaio

Unha ruta circular de 3 km polas partes altas dos regos da Freixa e da Miñouva que caen dos montes de Domaio formando numerosos saltos, rápidos e pozas, nun entorno natural no que se atopan numerosos muíños de grande interese etnográfico.

COMO CHEGAR:

Pódese acceder directamente desde a Vía do Morrazo collendo a saída de Domaio e collendo cara ao monte. Alí mesmo déixase o coche e comézase a ruta baixando cara ao río. A primeira parte remonta o rego da Freixa, no que iremos atopando varias fervenzas e nove muíños. Ao chegar á estrada asfaltada collemos á dereita, por debaixo da urbanización ata chegar ao rego da Miñouva. Alí podemos ver tres fermosos muíños, pozas e varios saltos. Tamén poderemos gozar das vistas da Ría de Vigo e o estreito de Rande. Facemos o itinerario de volta e, no rego da Freixa, en vez de baixar polo río, se queremos aforrar tempo, podemos baixar pola estrada.


Tamén se pode acceder desde Domaio pasado Palmás, collendo a estrada que sobe ao campo de Golf.




Fervenzas do rego da Freixa



Fervenzas do rego da Miñouva







2-A Fraga

Na parroquia de Meira (Moaña).


O río da Fraga nace na serra de Domaio e desemboca na enseada de Moaña. Ten un tramo con rápidos e pequenas fervenzas cunha estreita faixa de vexetación de ribeira ben conservada rodeada de eucaliptos. O salto máis grande ten arredor de 6 m de altura.

COMO CHEGAR:

Desde Moaña cóllese unha estrada que vai a Marín e nuns 4 km crúzase o río e alí mesmo comeza a ruta.



Fervenzas da Fraga



3-Coiro

Na parroquia de Coiro (Cangas). No río Bouzós, un afluente do río da Presa que nace en Ermelo e desemboca en Cangas.

O curso alto do río atravesa a carballeira de Coiro nunha sucesión de rápidos, fervenzas e tobogáns entre grandes bolos de gneis e granito. A caída máis alta ten uns 6 metros. No entorno hai bos exemplares de carballos, salgueiros, sabugueiros e loureiros entre os que hai eucaliptos, piñeiros e acacias.

COMO CHEGAR:

No alto da Portela, na estrada Cangas-Bueu (pasados 4 km) sae unha pista pola dereita que pasa por riba da Ermida de San Cosme e leva, nun quilómetro, á Carballeira de Coiro. Os saltos máis grandes atópanse seguindo o curso do río por debaixo da pista e chégase a eles por un carreiro de pendente moi pronunciada. Tamén se pode facer unha ruta desde Coiro.



Fervenza de Coiro